Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para ofrecer unha cobertura axeitada dos servizos do Centro de Saúde de Ares

- 38126 - 35742 (10/PRE-011557)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación dos informes recibidos polo Sergas respecto do problema detectado nos contedores que transportan o instrumental cirúrxico esterilizado nos hospitais de Vigo, así como as medidas previstas para resolver a situación

- 38125 - 35759 (10/PRE-011560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense

- 38124 - 35828 (10/PRE-011565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas diante da problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e o número de tarxetas adscritas ao centro

- 38123 - 35928 (10/PRE-011572)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns da non-inclusión, nos pregos de contratación dos helicópteros para a prestación do servizo de transporte sanitario aéreo, de condicións referidas á pericia dos pilotos e a seguridade do servizo, a garantía do mesmo nivel de seguridade nos voos do 061 que nas anteriores concesións, así como da igualdade de trato á empresa excluída

- 38122 - 36082 (10/PRE-011582)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o investimento total levado a cabo pola Xunta de Galicia, incluídos os custos de mantemento, no auditorio de Lugo, así como os prazos previstos para a súa transferencia ao concello e a súa apertura ao público

- 38121 - 36147 (10/PRE-011588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa proliferación da microcistina no encoro do Umia, en Caldas de Reis, e a súa posible desmantelación

- 37926 - 36503 (10/PRE-011637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento, nos anos 2015, 2016 e 2017, así como no primeiro semestre de 2018, do punto 7.5 da liña estratéxica 7 do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, referido á garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no Camiño

- 38041 - 37058 (10/PRE-011681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día comprometido no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, e, se é o caso, a data da súa entrada en funcionamento

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22994** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer o coñecemento e a aplicación das previsións reflectidas no Protocolo de coordinación e cooperación institucional contra a violencia de xénero para a Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia configúrase como un documento marco que establece os criterios da intervención institucional para a prevención, atención e protección das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e para garantir unha actuación integral, áxil e coordinada. Enténdese como unha ferramenta de traballo dinámica que debe adaptarse de forma complementaria aos procedementos estandarizados existentes en cada área de intervención e aos recursos específicos e especializados. O documento completo está dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Desde a súa aprobación, desenvolvéronse varias medidas incluídas no mesmo como a elaboración e posta en funcionamento do Mapa de recursos en liña na área de violencia de xénero, a través de ‘Servizos no mapa’. ‘Servizos no mapa’ é unha aplicación que a Xunta pon a disposición da cidadanía e que ten por obxectivo a localización de servizos da Administración pública, tanto autonómica como estatal e local. Conta cun apartado específico cos recursos en liña para a área da violencia de xénero. Deste xeito, pódese escoller este filtro e aparecerán todos os recursos dispoñibles nas 5 áreas prioritarias de actuación do Protocolo: educativa, sanitaria, policial, xurídico e social. Trátase dunha ferramenta accesible, fácil, de busca rápida, gratuíta e universal.

Tamén se elaborou unha guía resumo do Protocolo, na que se incluíron fluxogramas de actuación das cinco áreas, e que tamén está dispoñible na páxina web.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38212
Data envío: 04/10/2018 15:41:16.590

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:41:13



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22995** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para consolidar a integración do principio de igualdade nas políticas autonómicas mediante o reforzo da transversalidade de xénero no conxunto da súa actividade, así como as actuacións que está a levar a cabo a Comisión Interdepartamental da Igualdade para axudar a fiscalizar os obxectivos fixados”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Comisión Interdepartamental de Igualdade avanza no seu cometido de integrar a perspectiva de xénero en todas as accións da Xunta. Con este obxectivo está a traballar o grupo técnico formado por representantes da Secretaría Xeral da Igualdade e de todos os departamentos do Goberno galego.

A Comisión, constituída en 2013, encárgase entre outros asuntos do seguimento da aplicación da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero; así como do enriquecemento, revisión e implantación das 320 actuacións recollidas no VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Cómpre facer fincapé, ademais, que na súa última xuntanza acordouse crear un grupo de traballo para realizar un seguimento do cumprimento en Galicia das medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aprobado polo Congreso o pasado mes de setembro de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38211
Data envío: 04/10/2018 15:41:08.934

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:41:05



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22996** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance do Goberno galego respecto dos resultados do fomento da xestión compartida dos centros de información á muller en Galicia”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Vicepresidente da Xunta de Galicia deu conta no Parlamento galego dunha iniciativa do seu grupo parlamentario, concretamente a través dunha pregunta oral en Pleno con número de rexistro 22806 celebrado o 24 de abril de 2018 (enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/plenno-2018-04-25?part=4a5a5cd5-e5c9-47cd-8c25-5d74c0347514&start=6260>), e na que se daba resposta á pregunta formulada nesta iniciativa, que concretamente facía referencia ao fomento da xestión compartida dos Centros de Información á Muller de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38210
Data envío: 04/10/2018 15:41:01.887

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:40:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38207
Data envío: 04/10/2018 15:38:05.008

Data 04/10/2018 15:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24256** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a valoración do Goberno galego das consecuencias da supresión do Servizo de Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día na zona de Ourense, e as medidas que vai adoptar ao respecto**”, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descensos continuos en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do decreto 37/2001, do 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatría, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade,

admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fora da Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos de patoloxías.

No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a 30 de xuño de 2018, a espera media de cirurxía é de 32,1 días e a espera media de consultas externas é de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38207
Data envío: 04/10/2018 15:38:05.008

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:38:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38206
Data envío: 04/10/2018 15:37:57.665

Data 04/10/2018 15:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24280** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a data prevista pola Xunta de Galicia para a realización dunha xuntanza coa Comisión de centro co fin de afrontar o problema de sobreesaturación que hai no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como as razóns do incumprimento do acordo acadado respecto da súa dotación de camas por unidade de hospitalización**”, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense tense reunido sempre que a Comisión de Centro o ten solicitado de xeito ordinario e de xeito extraordinario para falar da situación do hospital. A Comisión de Centro foi a que se levantou nas últimas reunións mantidas coa Xerencia e non quixo continuar coa orde do día establecida para a reunión ordinaria do mes de xaneiro da Xerencia coa Comisión de Centro. Estas reunións retomáronse o venres 9 de febreiro e acordouse a cobertura pertinente.

O novo edificio de hospitalización ten unidades de 41 camas e está dotado do persoal necesario para dar asistencia.

A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense dota do persoal necesario para prestar a asistencia e a atención precisa a todos os pacientes que ingresan nas unidades do novo edificio de hospitalización.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38206
Data envío: 04/10/2018 15:37:57.665

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:37:54



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38205
Data envío: 04/10/2018 15:37:50.008

Data 04/10/2018 15:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24339** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión da Consellería de Sanidade referida á xestión levada a cabo coa privatización da electromedicina e as medidas previstas para evitar as deficiencias detectadas nos servizos prestados e os sistemáticos incumprimentos da empresa adxudicataria durante a vixencia do anterior contrato”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo integral de mantemento de equipamento electromédico é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar os equipos de electromedicina e as instalacións propias para o seu funcionamento en condicións óptimas, para conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e de forma máis eficaz e económica a longo prazo, así como prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñadas, mantendo os parámetros de seguridade e respectando os requirimento do fabricante e as normas vixentes relacionadas co obxecto do contrato.

Efectivamente o servizo adxudicouse por procedemento aberto garantindo a transparencia e libre concurrencia á empresa Ibérica de Mantenimiento S.A. e unha vez rematada a duración do seu contrato cada unha das EOXS realizarán a licitación dos lotes correspondentes, en función do seu equipamento e das súas necesidades.

páxina 1 de 2

Os procedementos de contratación, salvo por razóns técnicas que o xustifiquen, teñen que ser abertos e de licitación pública”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38205
Data envío: 04/10/2018 15:37:50.008

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:37:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25412** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para arranxar as deficiencias e carencias que presenta en materia de infraestruturas e de persoal o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación co servizo de cociña do Complexo Hospitalario de Ourense efectivamente recibíuse na Estrutura de Xestión Integrada de Ourense a proposta de requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o previsto no Real decreto 707/2002, do 19 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 5 do mencionado Real Decreto formuláronse as seguintes alegacións:

1. Queda constatado na proposta de requirimento da Inspección de Traballo o anuncio de contratación da obra para a construción dunha nova infraestrutura para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de dotala dos espazos adecuados e eliminar as deficiencias estruturais das actuais instalacións, ubicándola no edificio do novo hospital.
2. A Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL) elaborou informe de visita, observándose determinadas deficiencias relativas ao mantemento e coidado do material, coincidindo coas observacións realizadas pola Inspección na súa proposta.
3. Ante dita situación tivo lugar unha reunión para analizar as deficiencias observadas así como establecer os ámbitos de actuación e medidas necesarias para a súa subsanación e

poder determinar as medidas a levar a cabo mentres a nova cocina no estea en funcionamento.

Entre as medidas a adoptar están: revisar e facer cumprir os protocolos de limpeza, revisar os procedementos de traballo (cumprimento das normas de seguridade), constatar que os traballadores dispoñen de equipos de protección individual (EPIS) e se requirirá a súa utilización en orden a evitar los accidentes.

4. Remitiuse o Protocolo de limpeza a realizar nas dependencias da cociña, así como o Procedemento de limpeza no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xunto coa táboa de frecuencia das tarefas, recordándolle á empresa adxudicataria a obrigatoriedade no seu cumprimento. E tamén se ordena que inclúan estes procedementos específicos para a área de cociña no seu Manual de Procedementos do Servizo de Limpeza.

5. Nestes momentos foron realizadas as seguintes actuacións:

- Información aos traballadores dos circuítos a realizar
- Reparación de marmitas
- Reparación do cadro eléctrico e enchufes
- Protección da picadora de carne

En relación coa nova cociña que se instalará no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de momento mantense a previsión de posta en funcionamento a finais do 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38200
Data envío: 04/10/2018 15:37:11.914

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:37:08



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38199
Data envío: 04/10/2018 15:37:04.710

Data 04/10/2018 15:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25417** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do mantemento da situación existente no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a consecuencia das deficiencias e carencias que presenta en materia de infraestruturas e de persoal, así como o prazo e as actuacións previstas para o seu arranxo”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos seguen en funcionamento tanto a sala de autopsias como o mortuorio do Hospital Cristal e, se fose necesario, o mortuorio do Hospital Nai.

Aínda así, e dentro do proceso de renovación das infraestruturas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, saíu a concurso con data do 20 de febreiro de 2018 a dotación dunha nova sala de autopsias e cámara mortuoria para o complexo hospitalario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38199
Data envío: 04/10/2018 15:37:04.710

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:37:01



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25449** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a adxudicación do contrato do servizo de mantemento integral dos equipos de anestesia e reanimación da marca General Eléctric da Xerencia de xestión integrada da Coruña”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xerencia Integrada da Coruña non dispón dos recursos materiais e humanos necesarios para o mantemento do equipamento de electromedicina debido a que para a reparación destes dispositivos médicos co maior grao de seguridade posible e o mantemento da certificación CE é necesario dispoñer de: talleres certificados de reparación dotados co instrumental específico para diagnóstico, reparación e comprobación final (parte exclusivo da firma); de técnicos certificados coa formación e actualización da mesma, a través da casa matriz; de vinculación directa co fabricante a fin de manter o equipo coas actualizacións de seguridade clínica ao día.

General Electric Healthcare España, S.A.U., é o único representante oficial en España de General Electric Healthcare Europe é o único Servicio Técnico oficial do fabricante, acreditado a través do Certificado de Exclusividade e a Póliza da Responsabilidade Civil”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38198
Data envío: 04/10/2018 15:36:57.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:36:54



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25981**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, dona Noela Blanco Rodríguez e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as razóns das discordancias existentes entre o Goberno galego e os representantes europeos en relación co procedemento seguido para a presentación da candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos e as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia obtivo a designación da parte máis importante do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos, ubicado no Reino Unido ata o 31 de decembro deste ano. Esta parte é a relacionada coa clasificación e o seguimento das zonas de produción de moluscos bivalvos.

Isto é máis que o que Galicia tiña. Non obstante, sempre defendemos que queríamos a totalidade das áreas do laboratorio comunitario de referencia. De aí que en xaneiro a conselleira do Mar se reuniuse en Bruxelas co director xeral da DG Sante da Unión Europea. Nesta xuntanza a conselleira expuxo ao director xeral:

- O interese de Galicia por facer un seguimento da evolución e do alcance da decisión da UE de dividir as competencias deste laboratorio europeo de referencia entre catro Estados membro a partir do 1 de xaneiro de 2019.
- A experiencia das institucións galegas no eido dos moluscos bivalvos dada a relevancia socioeconómica do seu cultivo en Galicia

- A oportunidade de, ante unha hipotética reconsideración da decisión, atribuír aos centros radicados en Galicia as funcións propias do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos.

O director xeral da DG Sante expuxo á conselleira, entre outros aspectos, a posibilidade de que o Laboratorio de Referencia de Vigo sente as bases para establecer un protocolo de traballo conxunto co Intecmar.

Galicia continuou traballando co Goberno central co obxectivo de aproveitar sinerxías e colaborar nesta materia. De feito o presidente da Xunta entregou en febreiro un protocolo á exministra de Sanidade para colaborar no control das zonas de produción de moluscos bivalvos. Este protocolo xa estaba en tramitación e confiamos en que o novo Goberno central o continúe e cumpra co apalabrado co anterior Goberno do Estado.

Con este protocolo, a Axencia Española de Consumo Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN) derivaría no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) boa parte das funcións do Laboratorio Nacional de Referencia para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción.

Deste xeito, involúcrase á comunidade autónoma galega -a través do Intecmar- en boa parte das accións propias do Laboratorio Nacional de Referencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 37829
Data envío: 01/10/2018 13:26:41.363

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:26:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38196
Data envío: 04/10/2018 15:36:43.023

Data 04/10/2018 15:36

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26302** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias existentes na calidade asistencial dos doentes da Unidade de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas unidades de coidados paliativos a prioridade é proporcionar coidados físicos, psíquicos ou sociais ao paciente e á súa familia. Ourense conta cunha das primeiras Unidades de Coidados Paliativos que se puxeron en marcha en Galicia, comezou súa actividade no ano 1996, vinculada ao Hospital Universitario de Ourense naquel entón no edificio Piñor, e ata hai uns meses no H. Sta. María Nai.

Co seu traslado o pasado mes de novembro, a unidade de paliativos gañou en canto ao número de cuartos individuais, xa que na actualidade dispón de 6 individuais e 2 dobres - ademais de 5 camas reservadas para seu uso de paliativos na planta de oncoloxía do novo edificio.

Para a atención destes pacientes, a unidade de paliativos conta con 6 enfermeiras e 6 auxiliares de enfermería, dotación óptima en función ao número de pacientes e cargas de traballo.

A actual localización da unidade, no edificio Cristal, na mesma planta que o Servizo de Oncoloxía, localización escollida polo propio persoal deste servizo seguindo parámetros

páxina 1 de 2

clínicos e funcionais, non só non empeora a situación anterior senón que a mellora substancialmente. De feito, agora, ao estar no mesmo núcleo de hospitalización, urxencias, unidade da dor, e probas diagnósticas ou analíticas, ningún paciente require de traslados en ambulancia, habituais con anterioridade, ou percorrer moita distancia desde a súa habitación.

O seu novo emprazamento non é unha zona de paso, xa que é unha área de acceso restrinxido. As instalacións melloraron substancialmente, cunha nova sala de estar de familiares, con espazo de descanso, aseos, duchas e televisión. Ademais, dentro da mesma unidade contan tamén cunha pequena sala de estar con cociña, a disposición das familias e todas as habitacións contan cun sofá cama completo a plena disposición dos acompañantes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38196
Data envío: 04/10/2018 15:36:43.023

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:36:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38195
Data envío: 04/10/2018 15:36:35.460

Data 04/10/2018 15:36

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26307** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o seguimento que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, o contido dos informes da Comisión Galega de Coidados Paliativos referidos á implantación e seguimento do plan galego para esa atención nas áreas sanitarias e as medidas que está a adoptar a consellaría para garantir a atención sanitaria legalmente establecida**”, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Coa aprobación da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, procedeuse a adaptar a composición da Comisión Galega de Coidados Paliativos, órgano asesor e consultivo nesta materia, procurando que estean representados e implicados dentro dela os axentes sanitarios e socio sanitarios que teñen relación, non só cos doentes terminais e as súas familias, senón tamén coas persoas con enfermidade avanzada e complexa.

A través do Decreto 181/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Decreto 181/2010, do 21 de outubro, creouse a Comisión Galega de Coidados Paliativos, na que se integran o persoal médico e de enfermería de Medicina Interna, traballo social, médicos e farmacéuticos de Atención Primaria, Psicoloxía clínica hospitalaria, persoal médico e de enfermería de unidades de coidados paliativos; médicos da fundación 061, enfermería de

HADO; médicos de oncoloxía, médicos de pediatría, médicos de neuroloxía e un representante da Conselleira de Política Social.

O obxectivo desta composición é promover o dereito dos pacientes a recibir cuidados paliativos integrais acorde coa súas necesidades e coordinados entre os diferentes profesionais.

A Comisión Galega de Coidados Paliativos esta a traballar no redeseño dos Comités Técnicos Asistenciais de Coidados Paliativos, en canto a súas funcións e composición, de xeito que sexan o reflexo da Comisión nas áreas sanitarias.

Así mesmo por parte da Comisión Galega de Coidados Paliativos se está a traballar nos contidos para a realización de accións formativas para todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde co obxectivo de incrementar as competencias de atención aos pacientes con necesidades paliativas.

Desde a aprobación da Lei 5/2015 do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, e de forma progresiva, os hospitais do Servizo Galego de Saúde están adaptando as súas unidades de coidados paliativos ao establecido nela.

A concepción dos coidados paliativos está evolucionando cara a un modelo máis dinámico e integral no que se compaxinan os tratamentos potencialmente curativos cos destinados a mellorar a calidade de vida. A atención paliativa é competencia de toda a rede sanitaria (atención primaria, atención hospitalaria, unidades de coidados paliativos e de hospitalización a domicilio), e non só dos dispositivos específicos de coidados paliativos.

Todos os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos en función do requirido. Para necesidades non complexas poden dispoñer dos recursos convencionais tanto de Atención Primaria como de Atención Hospitalaria, e cando se trate de pacientes con necesidades de atención paliativa considerada complexa disporán dos profesionais de recursos específicos de coidados paliativos.

Na nosa Comunidade existe unha rede de recursos na atención paliativa, unidades de coidados paliativos e unidades de hospitalización a domicilio, en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38195
Data envío: 04/10/2018 15:36:35.460

Ademais o Servizo Galego de Saúde dispón de 399 unidades de Atención Primaria nas que atenden pacientes con necesidades de atencións paliativas non complexas.

O Servizo Galego de Saúde continúa a traballar a favor da atención paliativa dos galegos e galegas que o necesitan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38195
Data envío: 04/10/2018 15:36:35.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:36:18



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22046**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez, dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as obras pendentes no porto de Cesantes (Redondela) e a existencia dun calendario e dotacións orzamentarias para o seu remate”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a traballar de xeito coordinado co sector e o propio Concello de Redondela na procura dunha solución técnica de consenso para o porto de Cesantes. Os técnicos de Portos de Galicia fixeron hai uns meses unha presentación in situ ante todos os interesados na que presentaron a alternativa técnica máis viable, que pode arrojar resultados positivos, aínda sen ter carácter definitivo.

Esta alternativa consiste na demolición do último tramo de dique e a substitución do mesmo por un dique aboiante para abrigar a instalación de pantaláns existentes. Ademais sería un dique aboiante de maior lonxitude que o dique actual para intentar servir para embarcacións de pasaxe á illa de San Simón. Formúlase tamén non demoler maior cantidade de dique para manter a rampla existente e que poida continuar prestando o servizo necesario no porto.

Finalmente, o técnico informou tamén de que se podería estudar unha posible dragaxe na zona de pantaláns, pero advertindo que calquera actuación neste porto terá unha tramitación ambiental complicada dado que se trata dunha zona protexida catalogada ambientalmente como Rede Natura.

Neste sentido existen dúas posibilidades que abren dous cronogramas diferentes en función de se o proxecto está supeditado ou non a tramitación ambiental, unha decisión que deberá tomar a Consellería de Medio Ambiente.

No caso de que non sexa necesaria a tramitación ambiental, a contratación dos estudos ambientais previos para dirimilo, o prazo de redacción de ditos estudos e a tramitación en Medio Ambiente ata concluír finalmente que non faría falta estudio de impacto ambiental levaría un prazo aproximado de 15 meses polo que estaríamos a situar o inicio da redacción do proxecto na primavera de 2019.

A segunda alternativa sería a máis complexa e daríase no caso de que o proxecto sí sexa sometido a tramitación ambiental e requira Estudio de Impacto Ambiental. Neste caso os trámites dilataríanse e non contaríamos con iniciar a redacción do proxecto ata finais do ano 2019 ou principios de 2020.

En ambos casos, o ente público dispón nos orzamentos para este 2018 dunha partida xenérica que podería cubrir o importe dos estudos previos necesarios para presentar a Medio Ambiente para que resolva se require ou non estudio de impacto ambiental. En función desta decisión, incluíríanse nas anualidades seguintes as partidas orzamentarias correspondentes ao punto do proceso en que se atopase en cada caso, a saber redacción de proxecto ou xa licitación de obra”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 37841
Data envío: 01/10/2018 13:28:20.209

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:28:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22199** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as accións do Goberno galego en relación co impulso da candidatura de Galicia como candidata a albergar o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois de que a Comisión Europea plantexara a supresión deste organismo”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia obtivo a designación da parte máis importante do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos, ubicado no Reino Unido ata o 31 de decembro deste ano. Esta parte é a relacionada coa clasificación e o seguimento das zonas de produción de moluscos bivalvos.

Isto é máis que o que Galicia tiña. Non obstante, sempre defendemos que queríamos a totalidade das áreas do laboratorio comunitario de referencia. De aí que en xaneiro a conselleira do Mar se reuniuse en Bruxelas co director xeral da DG Sante da Unión Europea. Nesta xuntanza a conselleira expuxo ao director xeral:

- O interese de Galicia por facer un seguimento da evolución e do alcance da decisión da UE de dividir as competencias deste laboratorio europeo de referencia entre catro Estados membro a partir do 1 de xaneiro de 2019.
- A experiencia das institucións galegas no eido dos moluscos bivalvos dada a relevancia socioeconómica do seu cultivo en Galicia

- A oportunidade de, ante unha hipotética reconsideración da decisión, atribuír aos centros radicados en Galicia as funcións propias do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos.

O director xeral da DG Sante expuxo á conselleira, entre outros aspectos, a posibilidade de que o Laboratorio de Referencia de Vigo sente as bases para establecer un protocolo de traballo conxunto co Intecmar.

Galicia continuou traballando co Goberno central co obxectivo de aproveitar sinerxías e colaborar nesta materia. De feito o presidente da Xunta entregou en febreiro un protocolo á exministra de Sanidade para colaborar no control das zonas de produción de moluscos bivalvos. Este protocolo xa estaba en tramitación e confiamos en que o novo Goberno central o continúe e cumpra co apalabrado co anterior Goberno do Estado.

Con este protocolo, a Axencia Española de Consumo Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN) derivaría no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) boa parte das funcións do Laboratorio Nacional de Referencia para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción.

Deste xeito, involúcrase á comunidade autónoma galega -a través do Intecmar- en boa parte das accións propias do Laboratorio Nacional de Referencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37750
Data envío: 28/09/2018 15:50:37.237

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2018 15:50:34



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 37840
Data envío: 01/10/2018 13:28:11.568

Data 01/10/2018 13:28

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22265** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“a carencia de información en relación aos datos dos tránsitos dos portos deportivos dependentes de Portos de Galicia no seu portal de transparencia”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xameiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os datos de tránsitos están disponibles para calquera consulta a través do Gabinete de comunicación de Portos de Galicia e o presidente de Portos de Galicia dá conta deles de xeito recorrente a través de roldas e notas de prensa”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 37840
Data envío: 01/10/2018 13:28:11.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:28:08



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22466** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o cultivo da ameixa xapónica en Galicia**”, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 37839
Data envío: 01/10/2018 13:28:03.365

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:28:00



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22467** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a importación de semente de moluscos bivalvos en Galicia e a posibilidade de produci-lo de xeito ausuficiente”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:27
Nº Rexistro: 37838
Data envío: 01/10/2018 13:27:55.708

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:27:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22495** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas e as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se sinalou en anteriores ocasións, dende que apareceu o parasito *Marteilia cochillia* no berberecho, en 2012, a Consellería do Mar traballa para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Cómpre lembrar que se aprobaron 5 proxectos de investigación específicos con cargo aos fondos da Consellería do Mar e desenvoltos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

Id	Título accións investigaciónConsellería do Mar	Anualidades
1	Estudio da marteiliose que afecta aos berberechos <i>Cerastodema edule</i> de Galicia	2013-2014
2	Posta a punto das técnicas de cultivo en criadeiro das especies do xénero <i>Cerastoderma</i> de Galicia	2014-2016
3	Epidemioloxía da enfermidade causada por <i>Marteilia cochillia</i> nas poboacións de berberecho <i>Cerastoderma edule</i> de Galicia. En colaboración co CSIC	2015-2017
4	CROQUEDOUS – Engorde en batea de semente de berberecho producida en criadeiro. Mellora da metodoloxía de cultivo	2016-2018
5	Determinación da posible resistencia á marteiliose dunha cohorte de berberecho <i>C. edule</i> detectada no banco de O Ariño (Vilanova de Arousa)	2107-2018

Estes proxectos están dedicados a:

- Ampliar o coñecemento da enfermidade, os mecanismos de transmisión e os organismos involucrados nela.
- Investigar os protocolos de cultivo de berberecho -un eido que ata o de agora non estaba desenvolto- co obxectivo principal de poñer a punto o cultivo da especie, para proceder máis adiante á selección de estirpes resistentes e repoboar zonas con cría cultivada en *hatchery*.

Ademais, a UE aprobou o proxecto de cooperación COCKLES, que ten como obxectivo recuperar e aumentar a produción de berberecho nas rexións do Espazo Atlántico da UE nas que ten relevancia económica, como por exemplo Galicia. Este proxecto estará xestionado e coordinado pola Xunta, a través de dous centros dependentes da Consellería do Mar.

Todo isto sen ter en conta os proxectos habituais de seguimento científico –técnico das poboacións e explotación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, desenvolto polo CIMA.

Por outra banda, para facer fronte aos trastornos ocasionados ao sector por esta enfermidade no berberecho, o 30/12/2015 aprobouse a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establece unha veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Lombos do Ulla, Boído, Cabío e outras zonas), na cal se regularon as bases e a convocatoria para o ano 2016 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, por paralización temporal da actividade marisqueira ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas por esta medida de conservación (cofinanciadas ao 50% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca), pola que se subvencionou un cese de extracción nas zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa entre 2016 e 2017 e a causa da caída produtiva do berberecho, que deu lugar a un reparto de **1.430.100 € entre 358 armadores e 147 tripulantes da ría de Arousa**.

Así mesmo, dende o ano 2012, a Consellería do Mar emitiu os informes xustificativos dos peches por causa de forza maior nas campañas de libre marisqueo a flote na ría de Arousa, o que permitiu ao sector acceder a prestación do ISM cese de actividade por causa de forza maior.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:27
Nº Rexistro: 37837
Data envío: 01/10/2018 13:27:47.599

Por último, cabe sinalar un ápice de optimismo nesta situación, xa que os datos produtivos do berberecho na ría de Arousa amosan que dende o 2016 hai unha recuperación tanto en kg extraídos como en euros obtidos en 1ª venda, estando dende entón moi por riba da media dos catro anos anteriores.

En resumo, a Consellería do Mar leva traballando desde o primeiro momento para solventar a situación acometendo as medidas oportunas para afrontar esta problemática.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d23deba2-fc11-2a94-1a10-b5782fdb5321

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:27
Nº Rexistro: 37837
Data envío: 01/10/2018 13:27:47.599

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:27:44



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22498** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O traspaso dos barcos (*Sebastián De Ocampo e Irmáns García Nodal*) ao 2º rexistro supón na actualidade un aforro anual de preto de 281.000 euros para as arcas públicas, é dicir, dos cartos de todos os galegos. De feito, entre o 2011 e o 2016 o aforro foi de preto de 1,7 millóns de euros.

Isto enmárcase no contrato de xestión do servizo prestado a través de medios marítimos, no que se inclúen todos os gastos derivados na propia xestión.

Os traballadores manteñen as súas condicións laborais e ATÓPANSE ENTRE OS MÁIS BENEFICIADOS POLA INCLUSIÓN NESTE REXISTRO, xa que teñen vantaxes fiscais coma reducións na declaración de IRPF.

O 2º rexistro, que en España se atopa en Canarias, existe na maioría dos países da Unión Europea, como por exemplo, en Francia, Alemaña, Holanda, Dinamarca, Reino Unido etc, así como de fóra da UE, coma en Noruega, países que tamén o teñen e utilizan.

É neste rexistro onde están dadas de alta as embarcacións de Sasemar (Sociedad de Salvamento y Seguridad Marítima), do Ministerio de Fomento, porque cumpren as características legais para poder estar inscritas nel.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:27
Nº Rexistro: 37836
Data envío: 01/10/2018 13:27:39.614

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:27:34



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22583**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugardos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego non ten elaborado ningún proxecto construtivo para a rehabilitación da Casa do Reloxo polo momento, pero si ten estudado esta posibilidade en base á petición trasladada no seu día polos representantes municipais de Mugardos.

Dito proxecto está supeditado á súa viabilidade técnico administrativa e prioridade económica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 17:09
Nº Rexistro: 37869
Data envío: 01/10/2018 17:09:20.323

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 17:09:17



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22850** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co novo acordo pesqueiro asinado entre o Estado español e o Goberno portugués, as xestións levadas a cabo para defender os intereses e dereitos da flota galega, así como a avaliación das súas repercusións para o sector en Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería do Mar consideramos que a existencia dun acordo bilateral con Portugal é positivo porque axuda a normalizar as relacións.

Non obstante, no marco deste acordo defendemos a igualdade entre frotas que traballan nos mesmos caladoiros e que se dirixen aos mesmos mercados.

Coñecíamos e considerábamos positiva a intención do Goberno central de revisar as autorizacións de barcos galegos que faenan en augas lusas co obxectivo de aproveitar ao máximo todas as posibilidades de pesca que presenta o acordo.

Neste sentido, entendemos que no texto finalmente acordado se produciron avances na liña do demandado por Galicia e polo seu sector pesqueiro, aínda que non coincide de forma total coas reclamacións feitas polo Consello Galego de Pesca e a Consellería do Mar.

A Xunta e a maioría do sector de arrastre de fondo galego defendemos un marco de igualdade entre as frotas galega e portuguesa, para evitar que esta última se beneficie da vantaxe de faenar na fin de semana.

En todo caso, a Consellería do Mar está a realizar un seguimento de cara a verificar o cumprimento dos termos do acordo e a aplicación estrita dos seus termos de cara a evitar vantaxes comparativas para as frota portuguesas que faenan na nosa costa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:27
Nº Rexistro: 37834
Data envío: 01/10/2018 13:27:22.989

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:27:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23037** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Enrique López Crespo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos procedemento decisorio desenvolvido para o desmembramento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos e as melloras que supón a asignación a Galicia das súas competencias en materia de clasificación e control das áreas de produción”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia obtivo a designación da parte máis importante do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos, ubicado no Reino Unido ata o 31 de decembro deste ano. Esta parte é a relacionada coa clasificación e o seguimento das zonas de produción de moluscos bivalvos.

Isto é máis que o que Galicia tiña. Non obstante, sempre defendemos que queríamos a totalidade das áreas do laboratorio comunitario de referencia. De aí que en xaneiro a conselleira do Mar se reuniuse en Bruxelas co director xeral da DG Sante da Unión Europea. Nesta xuntanza a conselleira expuxo ao director xeral:

- O interese de Galicia por facer un seguimento da evolución e do alcance da decisión da UE de dividir as competencias deste laboratorio europeo de referencia entre catro Estados membro a partir do 1 de xaneiro de 2019.
- A experiencia das institucións galegas no eido dos moluscos bivalvos dada a relevancia socioeconómica do seu cultivo en Galicia

- A oportunidade de, ante unha hipotética reconsideración da decisión, atribuír aos centros radicados en Galicia as funcións propias do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos.

O director xeral da DG Sante expuxo á conselleira, entre outros aspectos, a posibilidade de que o Laboratorio de Referencia de Vigo sente as bases para establecer un protocolo de traballo conxunto co Intecmar.

Galicia continuou traballando co Goberno central co obxectivo de aproveitar sinerxías e colaborar nesta materia. De feito o presidente da Xunta entregou en febreiro un protocolo á exministra de Sanidade para colaborar no control das zonas de produción de moluscos bivalvos. Este protocolo xa estaba en tramitación e confiamos en que o novo Goberno central o continúe e cumpra co apalabrado co anterior Goberno do Estado.

Con este protocolo, a Axencia Española de Consumo Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN) derivaría no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) boa parte das funcións do Laboratorio Nacional de Referencia para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción.

Deste xeito, involúcrase á comunidade autónoma galega -a través do Intecmar- en boa parte das accións propias do Laboratorio Nacional de Referencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37955
Data envío: 02/10/2018 15:18:15.399

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:18:12



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23101** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da oportunidade da tramitación da solicitude presentada polo Real Club Náutico de Sanxenxo para a modificación e ampliación da concesión, mentres non se restaure o litoral afectado pola construción do porto deportivo, a data prevista para o inicio dos traballos de rexeneración e os avances acadados pola mesa de traballo para a reparación dos danos ocasionados”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A petición de ampliación da concesión do Real Club Náutico de Sanxenxo está a ser tramitada seguindo todos os requisitos legais, como é obriga e práctica permanente do ente público Portos de Galicia. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37953
Data envío: 02/10/2018 15:18:01.148

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:17:58



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23326**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, dona María Dolores Toja Suárez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da introdución de modificacións no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar para incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde hai máis de 25 anos a Consellería competente en materia marítimo pesqueira ven apostando pola profesionalización do sector marisqueiro.

Foi no ano 1991 cando a daquela Consellería de Pesca chega a un pacto co sector para profesionalizar a labor de mariscadora. Dende 1993 e ata 2000 procedeuse a unha incorporación progresiva á cotización en canto que se foron mellorando as rendas, comezando a ser obrigatorio dende o ano 2000.

Naquel entón, e para minorar o impacto económico que a cotización podería supor nas mariscadoras, habíltanse axudas en conxunto coa Consellería de Traballo para sufragar, durante o ano 2000, as contías das cotizacións.

Este Goberno sempre apostou por mellorar pouco a pouco as rendas destas traballadoras co obxectivo de que puideran pagar mellor a cotización. Neste senso, a media de ingresos do ano 2016 foi a máis alta da serie histórica, atopándose nun 27% por riba da media. Amais, a media de ingresos anuais dos mariscadores medrou nun 22% desde 2009.

Ademais, dende ese mesmo ano téñense xerado máis de 1.700 permisos de explotación marisqueira, sendo en 2015 o primeiro ano da serie histórica iniciada coa profesionalización da actividade no ano 2000 no que sube o número de permex de marisqueo a pé.

En definitiva, neste asunto lévase traballando moito tempo pero cremos que a proposta dunha solicitude de modificación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar débese facer despois dunha análise detallada e, ademais, unha vez remate a reforma do novo regulamento de clasificación de buques, de cara a adaptar xa os seus contidos aos COES axeitados para eles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37951
Data envío: 02/10/2018 15:17:47.570

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:17:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23575** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da consideración das peculiaridades da frota do xeito entre os asuntos que se van tratar na xuntanza bilateral entre España e Portugal para achegar á Comisión europea unha proposta conxunta de Plan plurianual de xestión para a sardiña ibérica”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería do Mar consideramos que a existencia dun acordo bilateral con Portugal é positivo porque axuda a normalizar as relacións.

Non obstante, no marco deste acordo defendemos a igualdade entre frotas que traballan nos mesmos caladoiros e que se dirixen aos mesmos mercados.

Coñecíamos e considerábamos positiva a intención do Goberno central de revisar as autorizacións de barcos galegos que faenan en augas lusas co obxectivo de aproveitar ao máximo todas as posibilidades de pesca que presenta o acordo.

Neste sentido, entendemos que no texto finalmente acordado se produciron avances na liña do demandado por Galicia e polo seu sector pesqueiro, aínda que non coincide de forma total coas reclamacións feitas polo Consello Galego de Pesca e a Consellería do Mar.

A Xunta e a maioría do sector de arrastre de fondo galego defendemos un marco de igualdade entre as frotas galega e portuguesa, para evitar que esta última se beneficie da vantaxe de faenar na fin de semana.

En todo caso, a Consellería do Mar está a realizar un seguimento de cara a verificar o cumprimento dos termos do acordo e a aplicación estrita dos seus termos de cara a evitar vantaxes comparativas para as frotas portuguesas que faenan na nosa costa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37949
Data envío: 02/10/2018 15:17:33.554

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:17:30



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:27
Nº Rexistro: 37832
Data envío: 01/10/2018 13:27:06.832

Data 01/10/2018 13:27

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23790** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións levadas a cabo e as medidas ou propostas do Goberno galego para arranxar a problemática existente en relación coa formulación e elección de proxectos susceptibles de financiamento a través dos plans de produción e comercialización para as organizacións de produtores do sector pesqueiro financiados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, así como a tramitación das axudas deses plans”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que, con respecto ás Organizacións de Produtores Pesqueiros de ámbito autonómico, este Departamento convocou e abonou as axudas dos exercicios 2014, 2015, 2016 e 2017.

Hai que ter en conta que a convocatoria e aboamento destas axudas se realiza unha vez finalizado o exercicio.

A maiores, temos que sinalar que o pasado 24 de xullo, o DOG publicaba a convocatoria de 2018 para axudas a organizacións de produtores pesqueiros para apoiar a preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización e para a creación ou reestruturación destas organizacións e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros.

Por último, incidir en que Galicia foi a primeira comunidade autónoma de España que publicou a súa propia convocatoria de axudas no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para financiar a preparación e o desenvolvemento dos plans de mellora da produción e comercialización destas OPPs”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:27
Nº Rexistro: 37832
Data envío: 01/10/2018 13:27:06.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:27:03



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25075** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez, as súas intencións respecto da súa modificación para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro referidas ao depósito dos sedimentos, así como a existencia dalgunha partida orzamentaria para o inicio das obras no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto da dragaxe do Lérez atópase tramitado e orzamentado pero non conta con consenso da comunidade portuaria da zona, polo que a Consellería do Mar espera o visto bo dos colectivos marítimos afectados para continuar coa súa tramitación e execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37945
Data envío: 02/10/2018 15:17:04.975

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:17:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37944
Data envío: 02/10/2018 15:16:57.788

Data 02/10/2018 15:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25514** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o posible impacto na flota galega que faena dentro das augas comprendidas no acordo de pesca da Unión Europea con Marrocos, da eventual ruptura dese acordo, a consecuencia da inclusión nel do Sáhara Occidental e as augas adxacentes”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Neste asunto, é necesario poñer en valor a recente renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos, o que supón oportunidades para a flota galega nas posibilidades de pesca.

Non obstante, lamentamos que non se puidese conseguir unha mellora no seu contido, nos aspectos reclamados pola frota.

Como xa era coñecido, a volta dos buques europeos ás augas marroquís, entre eles os galegos, non é inmediata, xa que require diferentes trámites burocráticos, entre eles a aprobación no Parlamento Europeo.

Dende a Consellería do Mar, defendemos que se aceleren eses trámites para que o acordo entre en vigor o antes posible. Mentres non entra en vigor o Goberno central habilitará axudas para armadores e tripulantes afectados pola paralización temporal.

Para maior información, pódese consultar a resposta dada na Comisión 8ª do venres 27 de abril de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da contestación a iniciativa 27177”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37944
Data envío: 02/10/2018 15:16:57.788

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:16:54



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25982**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, dona Noela Blanco Rodríguez e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as razóns das discordancias existentes entre o Goberno galego e os representantes europeos en relación co procedemento seguido para a presentación da candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos e as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia obtivo a designación da parte máis importante do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos, ubicado no Reino Unido ata o 31 de decembro deste ano. Esta parte é a relacionada coa clasificación e o seguimento das zonas de produción de moluscos bivalvos.

Isto é máis que o que Galicia tiña. Non obstante, sempre defendemos que queríamos a totalidade das áreas do laboratorio comunitario de referencia. De aí que en xaneiro a conselleira do Mar se reuniuse en Bruxelas co director xeral da DG Sante da Unión Europea. Nesta xuntanza a conselleira expuxo ao director xeral:

- O interese de Galicia por facer un seguimento da evolución e do alcance da decisión da UE de dividir as competencias deste laboratorio europeo de referencia entre catro Estados membro a partir do 1 de xaneiro de 2019.
- A experiencia das institucións galegas no eido dos moluscos bivalvos dada a relevancia socioeconómica do seu cultivo en Galicia

- A oportunidade de, ante unha hipotética reconsideración da decisión, atribuír aos centros radicados en Galicia as funcións propias do laboratorio europeo de referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos de moluscos bivalvos.

O director xeral da DG Sante expuxo á conselleira, entre outros aspectos, a posibilidade de que o Laboratorio de Referencia de Vigo sente as bases para establecer un protocolo de traballo conxunto co Intecmar.

Galicia continuou traballando co Goberno central co obxectivo de aproveitar sinerxías e colaborar nesta materia. De feito o presidente da Xunta entregou en febreiro un protocolo á exministra de Sanidade para colaborar no control das zonas de produción de moluscos bivalvos. Este protocolo xa estaba en tramitación e confiamos en que o novo Goberno central o continúe e cumpra co apalabrado co anterior Goberno do Estado.

Con este protocolo, a Axencia Española de Consumo Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN) derivaría no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) boa parte das funcións do Laboratorio Nacional de Referencia para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción.

Deste xeito, involúcrase á comunidade autónoma galega -a través do Intecmar- en boa parte das accións propias do Laboratorio Nacional de Referencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 37828
Data envío: 01/10/2018 13:26:31.566

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 13:26:27



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27815** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“Sobre a realización polo Goberno galego do estudo comprometido para a execución de melloras no Porto Chico de Foz ou, se é o caso, o prazo estimado para ese fin, e as súas previsións respecto da dotación das partidas orzamentarias necesarias para a mellora do seu calado e abrigo, así como dalgunha praza de amarre máis aos portos desa localidade no ano 2018, a maiores das 40 proxectadas”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia confía firmemente nas potencialidades do peirao de Foz para a náutica recreativa, en paralelo ás profesionais, e mantén a confianza en que se desenvolva neste municipio un porto deportivo acorde ás potencialidades da zona.

Como proba do apoio ao desenvolvemento global dos portos de Foz, Portos de Galicia ten realizado as actuacións previas necesarias, de tipo ambiental, dragaxes e de ordenamento do solo, para anticiparnos a calquera proposta empresarial que poida xurdir interesada en ampliar as instalacións náutico deportivas de Foz.

De feito, dende Portos de Galicia, en colaboración co Concello de Foz, levouse a cabo durante este verán o terceiro dragado dos fondos mariños portuarios para habilitar un maior calado e permitir a posterior instalación dun pantalán de 40 prazas, destinada a embarcacións de sétima lista.

Portos de Galicia agarda que con esta ampliación de prazas de amarre en Porto Chico, dará resposta ás necesidades existentes no municipio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37941
Data envío: 02/10/2018 15:16:04.287

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:16:01



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28304** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de e Dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“Sobre as xestións previstas polo Goberno galego en relación coa situación de precariedade na que se atopa o Instituto Español de Oceanografía e a repercusión que está a ter nas sedes radicadas en Galicia”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desexamos que reverta a situación do Instituto Español de Oceanografía de Vigo, dependente do Goberno central, para que poida desenvolver as súa actividade con total normalidade.

En todo caso, cabe lembrar que, nos últimos anos, o IEO veu participando en todas as campañas de seguimento das especies de interese para Galicia, xa sexa no caladoiro nacional (sardiña, xarda e pescada, por exemplo) coma fóra del (pescada, gallo e rape en Gran Sol, bacallau ou fletán na Organización de Pesquerías del Atlántico Noroeste –NAFO-).

Desde a Xunta apostamos sempre por apuntalar a investigación como elemento clave para permitir que Galicia manteña a competitividade da actividade marítimo pesqueira.

Nesa liña tamén se integra a vontade de cooperar e colaborar cos centros de investigación radicados na nosa comunidade. Neste senso, nos últimos meses afianzáronse os contactos para reforzar a colaboración e a transferencia de coñecementos entre o IEO e os servizos da Consellería do Mar dedicados á investigación, con especial orientación cara aos focalizados ao labor investigadora pesqueira.

Agardamos que este labor de coordinación e apoio mutuo continúe en canto reporta labores e argumentos positivos na defensa dos intereses do sector e da explotación sostible dos recursos en termos ambientais, sociais e económicos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38192
Data envío: 04/10/2018 15:34:49.317

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 15:34:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 12:51
Nº Rexistro: 37800
Data envío: 01/10/2018 12:51:18.916

Data 01/10/2018 12:51

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28423** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela e sobre **“a realización pola Consellería do Mar dalgún estudo das doenzas máis comúns e habituais que padecen as mulleres redeiras, se é o caso, os seus resultados ou as previsións ao respecto e as xestións que vai desenvolver para a súa prevención, así como as levadas a cabo para a súa consideración polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social como enfermidades profesionais”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar sinala que son diversos os departamentos da Xunta de Galicia que levaron a cabo estudos sobre esta problemática.

Entre eles, podemos destacar o estudo realizado no ano 2012 polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral xuntamente coa Consellería de Sanidade e titulado ‘Estudo de Saúde Laboral das redeiras de Galicia’, outro titulado ‘La vigilancia de la Salud en el Sector pesquero’, feito polo citado Instituto e polos seus homólogos do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.

O máis importante, pola extensión e a precisión do seu contido, é o titulado ‘Estudo Epidemiolóxico: Redeiras e percebeiros a pé’, feito pola propia Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Por último, destacar a ‘Guía de Boas prácticas. ISSGA. Saúde laboral’ do 2017.

páxina 1 de 4

A maiores, non debemos esquecer que o Parlamento de Galicia, mediante a Lei 14/2007, procedeu á creación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, fixando no artigo 2 como un dos seus ámbitos de actuación levar ‘a cabo actividades de promoción da prevención dos riscos laborais en relación coas traballadoras e os traballadores por conta propia e co conxunto da poboación...’ Dentro dos seus fins está a ‘coordinación e xestión das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes o traballo...’.

Para o cumprimento destes fins o Instituto realiza funcións de asesoramento e control das accións técnico preventivas dirixidas a diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais.

Polo tanto, este Instituto é o ente da Xunta de Galicia especializado na seguridade e na saúde laboral, resulta lóxico por tanto que os estudos sobre as materias sinaladas contén coa participación activa do citado ente e elo con independencia da Consellería que faga o encargo do estudo, pois o importante é sempre que se fagan este tipo de estudos e a través de entes dependentes da Xunta de Galicia. O certo, a vista do anteriormente sinalado, é que a materia das doenzas das redeiras foi obxecto de diversos estudos e traballos feitos polo citado especializado Instituto.

En relación cos resultados dos estudos, e partindo do exame do Estudio Epidemiolóxico do que falamos, destacan as seguintes conclusións(páx 115 e 116) e que podemos resumir do seguinte xeito:

- Mais da metade das redeiras consultadas no referido estudo teñen diagnóstico de trastorno músculo-esquelético (TME) na columna, cunha maior afectación na zona cervical. Despois da columna , a maior prevalencia do dito trastorno se observa nas extremidades superiores (30% segundo diagnóstico) fundamentalmente pola afectación nos ombreiros. O TME nas extremidades inferiores baixa ao 5% dos casos. Respecto das patoloxías dexenerativas ou reumáticas, o 9% manifestou padecer enfermidades reumáticas e o 33% de carácter dexenerativo. A maiores: agudeza visual estaba diminuída nun 74%, a audiometría e a espirometría foi normal entre o 71 e o 96% dos casos. O Electrocardiograma non presentou alteracións no 85% dos casos e as alteracións analíticas mais frecuentes foron a dislipemia e o aumento de glucemia e afectación da serie roxa.



En definitiva, entendemos que a través destes estudos téñense fixados tanto as condicións nas que as redeiras realizan o seu traballo, os elementos que inciden na realización do mesmo e as patoloxías que afectan a dito colectivo.

Tampouco pode obviarse o feito de que o ISSGA, como xa dixemos, presentou no 2017 unha Guía das boas practicas na prevención de riscos laborais que contén unha completa e axeitada información sobre os riscos que levan aparelados a actividade de redeira e consellos para evita-las patoloxías e os riscos.

Por outra banda, debemos sinalar que unha hipotética reforma do catálogo de enfermidades profesionais, regulada no Real Decreto 1299/2006 do 10 de novembro, corresponde ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, previo informe do Ministerio de Sanidade e da Comisión Nacional de Seguridade Social e Saúde no Traballo. Ademais, a cualificación como enfermidade profesional corresponde á entidade xestora competente, neste caso o Instituto Social da Mariña.

Polo tanto, queda claro que nin a Xunta de Galicia nin esta Consellería do Mar teñen competencias nesta materia.

Debemos destacar que na Lei 47/2015 do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo pesqueiro, inclúe as redeiras, ben como traballadoras por conta allea (art.3) (suposto excepcional) ou ben como traballadoras por conta propia ou autónomos, regulados no artigo 4.

A Consellería do Mar ten organizado xornadas tanto respecto da súa problemática laboral como de concienciación da necesidade de afiliación á Seguridade Social, ao efecto de obter os dereitos e beneficios de carácter asistencial e doutros tipos regulados en dita norma.

Tamén destacamos que a Lei 6/2017 de Reformas Urgentes do Traballo Autónomo introduce reformas importantes respecto destes traballadores/as, no que se encadran de forma maioritaria as redeiras. Nesta regulación resulta de especial interese a modificación operado polo artigo 14 da devandita lei en relación coa cobertura das continxencias profesionais deste tipo de traballadores/as, modificando o artigo 316 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social no que se regulan tanto os accidentes no traballo destes autónomos e se

di de xeito claro e preciso que ‘entenderase a idénticos efectos, por enfermidade profesional la contraída como consecuencia del trabajo ejecutado por cuenta propia, que esté provocada por la acción de los elementos y sustancias y en las actividades que se especifican en la lista de enfermedades profesionales con las relaciones de las principales actividades capaces de producirlas, anexa al Real Decreto 1299/2006...’ o que supón un fito esencial na materia que nos ocupa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 12:51
Nº Rexistro: 37800
Data envío: 01/10/2018 12:51:18.916

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 12:51:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28523** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia durante o ano 2018 para paliar a situación xerada para o conxunto da cadea económica que depende do polbo pola baixada da descarga e venda desa especie, así como polo crecemento da súa demanda externa”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 25 de maio de 2018 pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da resposta á iniciativa 30382.

Con respecto á última a campaña do polbo, as capturas superaron as 1.300 toneladas e a facturación rozou os 12,5 millóns de euros, unha cifra superior aos case 11 millóns de euros facturados na campaña 2015-2016, que xa fora considerada unha boa campaña.

Ademais, se temos en conta as vendas totais da frota despachada a polbo durante todo o ano, a maioría da frota está en números por riba da media dos tres últimos anos.

Por último, debemos lembrar que a frota de artes menores galega é unha frota polivalente xa que as embarcacións poden empregar outras artes con cambios temporais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37939
Data envío: 02/10/2018 15:15:49.771

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:15:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29713** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez, e don Julio Torrado Quintela e sobre **“a valoración e o coñecemento polo Goberno galego das razóns do Goberno central para demorar a ratificación do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo relativo ao traballo no sector pesqueiro, así como as xestións levadas a cabo e previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería do Mar, entendemos que todo o que serva para mellorar as condicións sociolaborais dos traballadores do mar sempre será positivo para o sector.

Cómpre sinalar que a principal organización pesqueira a nivel europeo (Europêche), na cal tamén se circunscribe a española Cepesca, xa se ten amosado favorable a este Convenio 188 da Organización Internacional de Traballadores, polo tanto, non cabe ir en contra do sentir maioritario do sector.

A este goberno lle preocupan, e moito, as condicións nas que desenvolven o seu traballo máis de 13.000 mariñeiros galegos e por iso todos os anos se convocan axudas, con cargo aos Fondos Europeo Marítimo Pesqueiro, para realizar investimentos en buques pesqueiros co obxectivo de mellorar a eficiencia, reducir o seu custe enerxético, modernizar e mellorar as embarcacións. En definitiva, mellorar as condicións laborais dos homes e mulleres do mundo do mar.

A maiores, a Consellería do Mar traballa en distintas cuestións relacionadas co ámbito da seguridade laboral. Hai que destacar o traballo que se está a facer para atopar unha normativa de seguridade a bordo que sexa acaida á frota de baixura, sobre todo de cara ao porte dos botiquíns.

Por outra banda, foi este goberno quen tamén estableceu as gardas presenciais do servizo de rescate que garante asistencia os 365 días do ano, as 24 horas do día, axilizando este servizo e gañando en eficacia e eficiencia. O Servizo de Gardacostas de Galicia leva rescatadas a máis de 1.500 persoas nos seus 25 anos de historia.

Por último, séguese a traballar para mellorar a directiva comunitaria que regula a asistencia médica a bordo dos buques coa finalidade de simplificar as esixencias e adecualas ás circunstancias de proximidade, inmediata asistencia médica e á limitación de espazo nos barcos.

En definitiva, o Goberno galego está a favor de que se ratifique este convenio para os traballadores, pero hai que recordar que é unha decisión que ten que tomar o Goberno central, e agardamos que sexa tido en conta nun futuro próximo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 12:50
Nº Rexistro: 37797
Data envío: 01/10/2018 12:50:48.556

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 12:50:45



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29849** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da garantía do stock de polbo mediante o establecemento de só unha veda de mes e medio para esa especie e as súas razóns para non establecer unha veda totalmente subvencionada co fin de evitar a sobrecarga doutros recursos pesqueiros e marisqueiros”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 25 de maio de 2018 pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da resposta á iniciativa 30382.

Con respecto á última a campaña do polbo, as capturas superaron as 1.300 toneladas e a facturación rozou os 12,5 millóns de euros, unha cifra superior aos case 11 millóns de euros facturados na campaña 2015-2016, que xa fora considerada unha boa campaña.

Ademais, se temos en conta as vendas totais da frota despachada a polbo durante todo o ano, a maioría da frota está en números por riba da media dos tres últimos anos.

Por último, debemos lembrar que a frota de artes menores galega é unha frota polivalente xa que as embarcacións poden empregar outras artes con cambios temporais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37936
Data envío: 02/10/2018 15:15:10.786

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:15:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30028** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa resposta das confrarías e organizacións sindicais á proposta da Consellería do Mar referida á cesión ás confrarías da xestión dos espazos de explotación marisqueira, así como a proposta de parte das confrarías da ría de Arousa relativa á xestión deses espazos e á actuación que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 16 de febreiro de 2018 pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da resposta á iniciativa 23330.

As rías de Pontevedra, Vigo, Muros e Noia, e Ferrol contan con plans de explotación conxuntos para zonas de libre marisqueo. Este tipo de plans non son novos, xa que é un sistema habitual de xestión que se vén autorizando desde o 1992, a través das ordes que aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira. Neles, sempre por iniciativa das entidades, conxestiónanse os recursos das zonas de libre marisqueo.

Ademais, a xestión das zonas de libre marisqueo a través destes plans outorga unha maior flexibilidade á organización da explotación e permite adaptarse ao estado dos bancos e situación do mercado, sen ter que estar sometidos as condicións xerais establecidas para as zonas de libre marisqueo non sometidas a plan, nas ordes anuais polas que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira.

No caso da ría de Arousa, neste momento os mariscadores da ría non contan con plan específico para as zonas de libre marisqueo explotadas conxuntamente.

Non obstante, existe un diálogo entre a administración e o sector, que está estudando a conveniencia de presentar un plan específico conxunto de explotación destas zonas.

Para a mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros, a Consellería do Mar pon axudas a disposición do sector. Unha liña destas achegas é a destinada proxectos colectivos de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables. A elas, na convocatoria deste ano, a Consellería do Mar destina preto de dous millóns de euros. Outra liña de axudas é a destinada a proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37745
Data envío: 28/09/2018 15:50:01.143

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2018 15:49:44



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30391** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Luís Villares Naveira, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa a situación de envellecemento que está a padecer o sector do marisqueo e as súas razóns para reducir progresivamente as licencias outorgadas para o marisqueo a pé nos últimos oito anos”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballa para incrementar os postos de traballo no marisqueo a través do outorgamento de maior número de permisos, por medio do Plan de rexeneración de zonas improdutivas, e a través do fomento dos ingresos pola actividade extractiva.

No que respecta ao outorgamento de máis permex, sinalar que no 2017 concedéronse 296 permex para marisqueo a pé xeral e de recursos específicos e 12 para marisqueo a flote.

Para 2018 prevese a convocatoria de máis de 300 permisos de explotación para marisqueo a pé xeral e de recursos específicos, atendendo ás previsións en base aos plans de explotación para este ano. Para marisqueo a flote están previstas 24 novas embarcacións coa modalidade de marisqueo a flote con vara.

En suma, estamos a falar dun incremento do 5% con respecto aos permisos concedidos en 2017.

Por outra banda, a través do Plan de rexeneración de zonas improdutivas, a Consellería do Mar recuperou desde o 2010 máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie.

Por último, dende este Departamento trabállase polo fomento de ingresos da actividade extractiva. Un exemplo é a implementación do proxecto de reinstalación de moluscos en batea, que permitiu a extracción e posta no mercado en boas condicións hixiénico – sanitarias de máis de 650 toneladas de moluscos bivalvos procedentes das zonas cualificadas como C desde 2012 a 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37933
Data envío: 02/10/2018 15:14:43.973

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:14:40



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37752
Data envío: 28/09/2018 15:52:23.739

Data 28/09/2018 15:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31013** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación real do stock do polbo e a súa estimación ao respecto ao remate da veda, a fundamentación da decisión de establecer un período de mes e medio para esta, así como a valoración da posibilidade de facer unha parada biolóxica de maior duración”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 25 de maio de 2018 pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da resposta á iniciativa 30382.

Con respecto á última a campaña do polbo, as capturas superaron as 1.300 toneladas e a facturación rozou os 12,5 millóns de euros, unha cifra superior aos case 11 millóns de euros facturados na campaña 2015-2016, que xa fora considerada unha boa campaña.

Ademais, se temos en conta as vendas totais da frota despachada a polbo durante todo o ano, a maioría da frota está en números por riba da media dos tres últimos anos.

páxina 1 de 2

Por último, debemos lembrar que a frota de artes menores galega é unha frota polivalente xa que as embarcacións poden empregar outras artes con cambios temporais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37752
Data envío: 28/09/2018 15:52:23.739

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2018 15:52:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31077** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa proposta dun grupo de armadores de crear titulacións paralelas ás ensinanzas náutico-pesqueiras xa reguladas polo sistema xeral de educación, as súas previsións referidas á regulación da figura do alumno en prácticas e o establecemento de incentivos para a súa contratación, así como o establecemento de medidas para humanizar o traballo e mellorar a habitabilidade nos buques, e a posta en marcha ”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na sesión da Comisión 8ª do xoves, 6 de setembro de 2018, pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da resposta á iniciativa 31561.

O actual sistema educativo de formación profesional da familia marítimo-pesqueira está regulado pola Lei orgánica de educación do 2006 (LOE) e a Lei orgánica para a mellora da calidade educativa do 2013 (LOMCE).

No que respecta aos ciclos formativos de FP marítimo-pesqueiros, a Consellería do Mar considera que o actual sistema educativo é adecuado e pertinente para formar ao alumnado de Galicia con proxección ao sector pesqueiro.

Cando na iniciativa se menciona a formación paralela, fóra do sistema regrado actual, así como fóra dos currículos e dos itinerarios formativos actuais, temos que pensar, sen estar

definido o que se quere propor que non respondería ás necesidades de formación, cualificación profesional e acceso académico suficiente para a promoción profesional do alumnado.

Ademais, unha formación paralela crearía dous niveis de formación diferentes que conducirían a dúas velocidades de cualificación, poñendo así en risco os dereitos do alumnado, así como a lexitimidade do sistema.

En todo caso, esta Consellería entende que o sistema actual da FP debe estar inmerso nun permanente estudo que permita a revisión dos currículos e itinerarios formativos, en aras a mellorar e incrementar os estándares de formación, co obxecto de ofrecer ao alumnado unha formación actualizada aos avances tecnolóxicos e a seguridade a bordo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37743
Data envío: 28/09/2018 15:48:21.110

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2018 15:48:06



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 12:50
Nº Rexistro: 37794
Data envío: 01/10/2018 12:50:12.509

Data 01/10/2018 12:49

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32170** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregosa Sañudo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da inexistencia de accesibilidade aos distintos informes de xestión de Portos de Galicia dos últimos anos”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia ten contratada a edición das memorias anuais de actividade dende o ano 2013 e atópanse en elaboración, polo que en breve serán postas a disposición do público en xeral.

En todo caso, poden obter toda a información que precisen e demanden mediante petición específica ao ente público Portos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 12:50
Nº Rexistro: 37794
Data envío: 01/10/2018 12:50:12.509

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2018 12:49:58



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32351** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre “**Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa demora no inicio e remate das obras de dragaxe do porto pesqueiro de Foz e as súas previsións ao respecto, así como as referidas á execución das correspondentes ao Porto Chico da vila**”, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia confía firmemente nas potencialidades do peirao de Foz para a náutica recreativa, en paralelo ás profesionais, e mantén a confianza en que se desenvolva neste municipio un porto deportivo acorde ás potencialidades da zona.

Como proba do apoio ao desenvolvemento global dos portos de Foz, Portos de Galicia ten realizado as actuacións previas necesarias, de tipo ambiental, dragaxes e de ordenamento do solo, para anticiparnos a calquera proposta empresarial que poida xurdir interesada en ampliar as instalacións náutico deportivas de Foz.

De feito, dende Portos de Galicia, en colaboración co Concello de Foz, levouse a cabo durante este verán o terceiro dragado dos fondos mariños portuarios para habilitar un maior calado e permitir a posterior instalación dun pantalán de 40 prazas, destinada a embarcacións de sétima lista.

Portos de Galicia agarda que con esta ampliación de prazas de amarre en Porto Chico, dará resposta ás necesidades existentes no municipio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37932
Data envío: 02/10/2018 15:14:36.566

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:14:33



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33733**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a decisión de designar centro de referencia no tratamento de Sarcomas Musculoesqueléticos en adultos (partes blandas ou óseos) e para todo o ámbito do Servizo Galego de Saúde ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 345 do 2 de agosto de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os criterios técnicos utilizados fundaméntanse na prevalencia da patoloxía, e nunha análise da Unidade de Tumores do Aparello Locomotor, baseada na actividade e en indicadores refrendados pola SOGACOT e os utilizados para a valoración do CSUR.

Esta Unidade está integrada na Comisión de Tumores, especificamente no Comité de Tumores de Partes Brandas e Oseas, que se rixe por un regulamento no que se establecen as súas funcións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37929
Data envío: 02/10/2018 15:13:56.425

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:13:53



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33785**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outras/os deputadas/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia durante estes últimos meses para solucionar os problemas de presenza de trihalometanos na rede de abastecemento de auga do concello da Merca”**, (publicada no BOPG número 345 do 2 de agosto de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a inspección de 2013 (actas C063016; C121827; C121829) detéctanse incumprimentos de trihalometanos (THM) e problemas na ETAP.

En maio de 2014, para valorar a eficacia das accións que levaron a cabo, se lle informa ao xestor que deberá remitir a xefatura territorial durante 6 meses, os resultados mensuais de THM á saída da ETAP e que inclúan a determinación de THM en todas as análises de control en depósitos.

Nalgunhas analíticas enviadas polo xestor e nas mostras recollidas na vixilancia sanitaria vólvense a superar os límites paramétricos de THM. A partir de aí comézase a recomendar a restrición de uso da auga.

Na inspección á ZA A Merca de abril de 2015 (Actas C170929 e C-170930) vólvense detectar THM nas mostras recollidas e instaselles para que realicen análises con maior frecuencia e que tomen medidas para corrixir os problemas. Como confirman os incumprimentos nas súas análises, comunícaselles, de novo, que deben restrinxir o uso da auga ata que emenden os incumprimentos.

A partir desa data sucédense as restricións.

O Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, establece que en caso de incumprimentos o xestor, ou o

municipio comunicarán a situación de alerta, as medidas correctoras e preventivas aos consumidores e aos outros xestores afectados, antes das 24 horas tras a valoración da autoridade sanitaria.

Segundo o establecido no Programa de Vixilancia sanitaria de augas de consumo, a xefatura territorial está a facer un seguimento exhaustivo do problema, pero é o concello o que ten que adoptar as correspondentes medidas correctoras.

En decembro de 2017 a empresa Aquaourense elaborou un informe sobre as actuacións realizadas e con recomendacións para mellorar a dosificación de desinfectante.

En xuño de 2018 envían un informe coas melloras previstas na ETAP. A día de hoxe continúan coa obriga de realizar determinacións mensuais de THM en depósitos e redes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37928
Data envío: 02/10/2018 15:13:48.269

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:13:45



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33868**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a prestación do Servizo domiciliario de terapias respiratorias”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación á aplicación das recomendacións feitas polo Consello de Contas foi creado e implantado un sistema de xestión de terapias respiratorias domiciliarias. Este sistema de xestión recolle desde o primeiro momento, no que o facultativo xera unha prescrición, ata que dita prescrición chega á empresa encargada de prestar o servizo no domicilio particular do doente.

Tamén contempla o seguimento e control da prestación do servizo, recollendo a información do retorno cunha dobre finalidade: o seguimento do tratamento por parte do médico e o control económico para realizar o pago da empresa adxudicataria.

Entre os puntos básicos do sistema de xestión están:

Que os facultativos acceden ao programa para poder realizar as súas prescricións de terapia respiratoria domiciliaria.

Que se realiza un control previo das prescricións sobre a adecuación aos protocolos asistenciais vixentes no SERGAS.

Controlar que os facultativos poidan prescribir cada un dos tipos de terapia en función da súa especialidade. O resto de profesionais sanitarios de outras especialidades, con acceso a IANUS só poderán consultar as prescricións.

As empresas adxudicatarias do servizo consultan as prescricións válidas telematicamente.

As empresas comunican a información sobre o seguimento do tratamento por parte do paciente (consumos, eventos de instalación, avarías, substitucións, retiradas de equipos...).

Intégrase con outros sistemas do SERGAS para poder realizar comprobacións e detectar incidencias de todo tipo: falecementos, traslados, ingresos,...

Dispón dun módulo que permite xerar o cálculo mensual da facturación desglosado por paciente/terapia.

Por outra parte, aplicáronse as diferentes alternativas na contratación desta prestación en termos de competencia efectiva, economías de escala e de homoxeneización do servizo. Na actualidade, estase a traballar nunha nova licitación regulándose pola nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:29
Nº Rexistro: 38048
Data envío: 03/10/2018 13:29:26.051

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:29:22



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34426**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Sanidade ao Concello de Lugo no ano 2017**”, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“ Na Consellería de Sanidade non consta ningún convenio, subvención ou axuda ao concello de Lugo no ano 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:29
Nº Rexistro: 38047
Data envío: 03/10/2018 13:29:16.238

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:29:11



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34453**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“ Na Consellería de Sanidade non consta ningún convenio, subvención ou axuda cos concellos de Baralla, O Corgo, Castroverde, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:29
Nº Rexistro: 38046
Data envío: 03/10/2018 13:29:05.035

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:29:01



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34462**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade aos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Consellería de Sanidade non consta ningún convenio, subvención ou axuda cos concellos de Abadín, Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz no ano 2017.

A Consellería de Sanidade concedeu ao concello de Begonte unha subvención por importe de 12.310,54 €, de conformidade coa Orde do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos anos 2017 ata 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 38045
Data envío: 03/10/2018 13:28:57.534

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:28:54



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34471**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade aos concellos de Meira, Muras, Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Consellería de Sanidade non consta ningún convenio, subvención ou axuda cos concellos de Meira, Muras, Pastoriza, Pol e Xermade no ano 2017.

A Consellería de Sanidade, de conformidade coa Orde do 16 de xuño de 2015, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, concedeu ao concello de Rábade unha subvención por importe de 12.579,42 e ao concello de Vilalba por importe de 9.046,58 durante o ano 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 38044
Data envío: 03/10/2018 13:28:50.472

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:28:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 38043
Data envío: 03/10/2018 13:28:40.159

Data 03/10/2018 13:28

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34749**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, outorgadas pola Consellería de Sanidade ao Concello de Ourense no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O concello de Ourense foi beneficiario dunha subvención por importe de 402.877.93 euros no ano 2017, ao abeiro do convenio de colaboración coa FEGAMP para a realización de programas de atención e protección da saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 38043
Data envío: 03/10/2018 13:28:40.159

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:28:29



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34809**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a oferta pública de emprego para a categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 125/2017, do 30 de novembro (Diario Oficial de Galicia número 234, do 12 de decembro), polo que se aprobou a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2017 autorizou a convocatoria, entre outras, de 366 prazas de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría.

Como se adiantou ás organizacións sindicais representadas na Mesa Sectorial de Sanidade no momento da súa aprobación, está previsto que o Decreto de oferta de emprego público para o ano 2018 contemple unha ampliación de prazas desta categoría.

Logo da publicación deste último, procederase á convocatoria do concurso oposición, que incluírá a totalidade de prazas, dando así execución acumulada, nun único proceso, a ambos decretos de oferta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 38042
Data envío: 03/10/2018 13:28:25.409

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:28:22



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35291**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas ao desenvolvemento de medidas específicas para favorecer o inicio da actividade da Asociación sen ánimo de lucro Por Eles TEA Ourense, impulsada por pais e nais de persoas con autismo, e a avaliación da posibilidade de establecer algún convenio de colaboración a través do Sergas para dotala de persoal de reforzo e do material necesario, así como as súas intencións respecto do reforzo na cidade de Ourense da atención do trastorno do espectro do autismo a través da sanidade e dos servizos sociais públicos”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O colectivo indicado non contactou coa Consellería de Sanidade polo que non se mantivo ningunha reunión con eles.

Desde o Servizo Galego de Saúde se facilita a actividade de entidades sen ánimo de lucro a través da sinatura de convenios ou mediante a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva. Ambas son medidas xenéricas.

O Servizo Galego de Saúde asinou un convenio con carácter anual coa Federación Autismo Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no entorno sanitario. O convenio asinado este ano está dotado con 10.925 €. A Federación agrupa a diversas entidades e organizacións de Galicia.

As competencias da Consellería de Sanidade limítanse á prestación dos servizos no ámbito dos complexos hospitalarios, tal e como se regula no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

Ata o momento, non se detectaron incidencias por parte da Asociación Autismo Ourense no cumprimento das obrigas relacionadas coa convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter socio sanitario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37927
Data envío: 02/10/2018 15:13:41.393

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:13:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35435**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da normativa aplicable detectados nos vehículos do transporte sanitario urxente**”, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Todas as ambulancias que integran a rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 cumpren o Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, o Real decreto 866/2010, de 2 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de vehículos.

Cumpren tamén coa norma UNE EN 1789:2007+A2:2014 ademais do Regulamento da Unión Europea número 1230/2012 da Comisión do 12 decembro de 2012 polo que se desenvolve o Regulamento (CE) número 666/2009 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos requisitos de homologación de tipo relativos ás masas e dimensións dos vehículos a motor e dos seus remolques e polo que se modifica a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello e se derroga a Directiva 92/21/CEE, relativa ás masas e dimensións dos vehículos a motor categoría M1, segundo confirma o informe pericial visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia solicitado pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para coñecer de xeito independente a situación real das ambulancias que ten contratadas.

Examináronse 25 ambulancias pertencentes á rede de transporte sanitario urxente no que se incluía a totalidade das ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, o informe conclúe:

1. A totalidade das ambulancias inspeccionadas cumpren con todas as exixencias normativas aplicables.
2. Comprobose o peso de cada unha das ambulancias sendo todas elas aptas atendendo ás exixencias de masas máximas admisibles segundo a normativa aplicable.
3. O estado de conservación de todas as ambulancias así como os equipos opcionais instalados era conforme no momento da súa inspección.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 facilitou unha copia deste informe a súa Xunta de Persoal polo que os traballadores son coñecedores do mesmo.

En relación á falta de material ao que aluden, como por exemplo a falta de rodas de reposto, tan só aclarar, que cos avances tecnolóxicos outras opcións teñen cabida no marco legal como o kit repara picadas que é o equipamento que levan todas ás ambulancias pertencentes a rede, en conformidade co equipamento obrigatorio de vehículos que recolle o Anexo XII do Regulamento Xeral de Vehículos.

Polo tanto, no momento actual, as ambulancias que prestan os seus servizos para a Fundación Pública Urgencias sanitarias de Galicia-061 cumpren estritamente a lexislación vixente e realizan os controis estipulados na normativa ao respecto, realizando a súa actividade con eficacia e seguridade para os doentes e para as dotacións sanitarias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38135
Data envío: 04/10/2018 09:11:39.427

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:11:36



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35445**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización desas contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A relación contractual entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados para a prestación do servizo de hemodiálise na Comunidade, cumpre cos criterios esixidos tanto pola normativa vixente como pola lei de transparencia.

Todas as contratacións entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados están regularizadas, dispoñendo de concertos en vigor.

Adecuaronse as tarifas por sesión a un valor equivalente nas diferentes áreas sanitarias. Ademais, actualizaronse os concertos con cada centro así como se iniciaron procedementos en libre concurrencia para a prestación da hemodiálise en determinadas áreas.

A patoloxía renal é variada, así como a etioloxía das súas diferentes patoloxías, e a diferente evolución de cada unha delas fan necesario que se elaboren procesos diferentes polo que a elaboración dunha estratexia xenérica de saúde renal non resulta adecuada.

No ano 2016 subscribiuse un concerto específico para hemodiálisis con DIAVERUM, empresa que adquiriu a antiga clínica de Souto Boo. Desde entón renováronse as instalacións e adecuáronse ás tarifas. Desta forma, os prezos por sesión na clínica Souto Boo son semellantes ás das outros centros.

A media de coste por tratamento en Galicia de todos os centros é de 133,75 euros por sesión, cunha desviación típica de 5,88 segundo o centro de hemodialise. Tanto o importe por sesión como a desviación típica, indican que son valores adecuados á prestación sanitaria da que se trata”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: fa426ad1-ea25-f917-a482-0293ad841b74

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38134
Data envío: 04/10/2018 09:11:31.990

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:11:28



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35452**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a planificación existente no Hospital Comarcal do Salnés en relación coa atención aos partos durante os meses de verán e as razóns que hai para continuar pechando servizos nel na época estival”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A planificación da atención aos partos no Hospital do Salnés durante os meses de verán ven sendo a mesma que o resto do ano, é dicir, atención aos mesmos no propio centro. Non houbo derivación de ningún parto ao Complexo Hospitalario de Pontevedra durante o verán.

Con respecto a reorganización de camas que se produce no Hospital durante os meses de verán, cabe sinalar que non entran nesta reorganización as camas de obstetricia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38133
Data envío: 04/10/2018 09:11:24.302

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:11:20



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35463**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopa o transporte sanitario terrestre, as actuacións previstas no caso dunha sentenza xudicial que determine a existencia de irregularidades na concesión do servizo e as medidas que vai adoptar en relación co informe policial referido ao incumprimento nas ambulancias das medidas de seguridade establecidas”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre realizouse de conformidade ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, garantindo en todo momento o cumprimento estrito da legalidade vixente. Así ven recollido, ata este momento, nas resolucións de once recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC) de Madrid favorables á Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

Todas as ambulancias que integran a rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 cumpren o Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, o Real decreto 866/2010, de 2 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de vehículos.

Cumpren tamén coa norma UNE EN 1789:2007+A2:2014 ademais do Regulamento da Unión Europea nº 1230/2012 da Comisión do 12 decembro de 2012 polo que se desenvolve o Regulamento (CE) nº 666/2009 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos requisitos de homologación de tipo relativos ás masas e dimensións dos vehículos a motor e dos seus remolques e polo que se modifica a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do

Consello e se deroga a Directiva 92/21/CEE, relativa ás masas e dimensións dos vehículos a motor categoría M1, segundo confirma o informe pericial visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia solicitado pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para coñecer de xeito independente a situación real das ambulancias que ten contratadas.

Polo tanto, as ambulancias que prestan os seus servizos para a Fundación Pública Urgencias sanitarias de Galicia-061 cumpren estritamente a lexislación vixente e realizan os controis estipulados na normativa ao respecto, realizando a súa actividade con eficacia e seguridade para os doentes e para as dotacións sanitarias.

Este Goberno, como non pode ser doutra maneira, ten o máximo respecto as decisións xudiciais e acatando as mesmas dende o momento que se ditan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38132
Data envío: 04/10/2018 09:11:16.036

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:11:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35465**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das matronas, as actuacións que vai levar a cabo para resolver a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria e o posible cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os cambios demográficos e sociais xeraron que unha gran parte da provincia de Ourense teña unha poboación na que o número de mulleres en idade fértil ten diminuído significativamente nos últimos anos, pasando de estar en cifras por riba de 71.000 mulleres en idade fértil no ano 2010 a caer dita cifra por debaixo de 59.000 mulleres no ano 2017. Con respecto ao número de nacementos encontrámonos tamén cunha situación semellante á anterior, dando lugar a unha pirámide de poboación moi envellecida.

A organización sanitaria de matronas, con respecto as atencións demandadas polas mulleres en idade fértil está centralizada nos concellos de Barbadás, O Carballiño, Ribadavia, Allaríz, Verín, O Barco de Valdeorras, Xinzo, Celanova e Ourense.

A centralización do recurso asistencial de matrona ten a súa xustificación en poder atender ás mulleres en idade fértil que viven na zona rural.

Pese a esta negativa perspectiva poboacional, na actualidade o cadro de persoal de matronas está formado por **37 profesionais**, distribuídas do seguinte xeito: **CHUO 15, Atención Primaria 9, O Barco de Valdeorras 8 e Verín 5**. Se temos en conta o número total de mulleres en idade fértil da provincia de Ourense, 58.363, a ratio de usuarias por matrona fixaríase en 1577, cifra que nos coloca por debaixo das 2000 potenciais usuarias por profesional.

Ata o de agora se teñen cuberto todas as xubilacións e seguirá facéndose con criterios de cobertura poboacional e número de mulleres fértiles por matrona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38131
Data envío: 04/10/2018 09:11:08.724

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:10:59



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35491**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os datos referidos ás camas e aos servizos que se van pechar durante os meses de verán nos hospitais do Sergas, así como ás vacacións do persoal que se van cubrir en cada área sanitaria e o plan que se vai desenvolver diante das situacións de colapso que se están a producir na rede hospitalaria pública”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.09.2018 do 11.09.2018 polo conselleiro de Sanidade- ao darlle resposta á interpelación 33303 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38130
Data envío: 04/10/2018 09:10:54.973

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:10:51



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35495**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual namentres, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral necesarias”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación co servizo de cociña do Complexo Hospitalario de Ourense efectivamente recibíuse na Estrutura de Xestión Integrada de Ourense a proposta de requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o previsto no Real decreto 707/2002, de 19 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 5 do mencionado Real Decreto formuláronse as seguintes alegacións:

1. Queda constatado na proposta de requirimento da Inspección de Traballo o anuncio de contratación da obra para a construción dunha nova infraestrutura para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de dotala dos espazos adecuados e eliminar as deficiencias estruturais das actuais instalacións, ubicándola no edificio do novo hospital.
2. A Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL) elaborou informe de visita, observándose determinadas deficiencias relativas ao mantemento e coidado do material, coincidindo coas observacións realizadas pola Inspección na súa proposta.
3. Ante dita situación tivo lugar unha reunión para analizar as deficiencias observadas así como establecer os ámbitos de actuación e medidas necesarias para a súa subsanación e poder determinar as medidas a levar a cabo mentres a nova cocina no estea en funcionamento.

Entre as medidas a adoptar están: Revisar e facer cumprir os protocolos de limpeza, revisar os procedementos de traballo (cumprimento das normas de seguridade), constatar que os traballadores dispoñen de equipos de protección individual (EPIS) e se requirirá a súa utilización en orden a evitar los accidentes.

4. Remitiuse o Protocolo de limpeza a realizar nas dependencias da cociña, así como o Procedemento de limpeza no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xunto coa táboa de frecuencia das tarefas, recordándose á empresa adxudicataria a obrigatoriedade no seu cumprimento. E tamén se ordena que inclúan estes procedementos específicos para a área de cociña no seu Manual de Procedementos do Servizo de Limpeza.

5. Nestes momentos foron realizadas as seguintes actuacións:

- Información aos traballadores dos circuitos a realizar
- Reparación de marmitas
- Reparación do cadro eléctrico e enchufes
- Protección da picadora de carne

En relación coa nova cociña que se instalará no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de momento mantense a previsión de posta en funcionamento a finais do 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38129
Data envío: 04/10/2018 09:10:47.333

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:10:35



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35499**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino ESSURE polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está en contacto coa plataforma de afectadas para coñecer de primeira man as súas inquietudes co fin de dar a mellor resposta ás súas necesidades.

Todos os servizos de xinecología do Servizo Galego de Saúde poden atender a estas mulleres e realizar a intervención, de ser clínicamente indicada, como así se está a facer na actualidade.

Existe un protocolo de consenso da Sociedade Española de Xinecología e Obstetricia como referencia. No ámbito do Sergas un grupo de expertos elaborará un protocolo propio.

O Sergas dispón de medios humanos suficientes tanto en atención primaria, como en atención hospitalaria (servizos de xinecología, anatomía patolóxica e radiodiagnóstico), para prestar atención sanitaria a estas afectadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38128
Data envío: 04/10/2018 09:10:30.520

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:10:21



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35737**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia para ofrecer unha cobertura axeitada dos servizos do Centro de Saúde de Ares”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Ares, ten 4.281 TIS e conta cos seguintes profesionais:

3 médicos de familia cun ratio de 1.427 TIS por facultativo

1 pediatra compartido co C.S. de Mugardos que atende 563 nenos

3 profesionais de enfermaría

1 matrona

2 persoas de Servizos Xerais

O número de TIS adscritos a cada facultativo (médicos de familia e pediatra) están por debaixo dos estándares establecidos.

En cando á fisioterapia a carteira de servizos desta prestación establécese a partir das 15.000 TIS, número moi afastado das 4.281 que ten Ares na actualidade.

Durante o período estival ao producirse un incremento poboacional, o servizo de medicina familiar refórzase con un facultativo para atender á poboación desprazada.

O resto do ano o Centro de Saúde conta con unha dotación acorde á súa poboación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38127
Data envío: 04/10/2018 09:10:15.285

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:10:12



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38126

Data envío: 04/10/2018 09:10:06.832

Data 04/10/2018 09:10

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35742**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández ,sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación dos informes recibidos polo Sergas respecto do problema detectado nos contedores que transportan o instrumental cirúrxico esterilizado nos hospitais de Vigo, así como as medidas previstas para resolver a situación”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa avaliación dos contenedores que transportan instrumental de quirófano no Complexo Hospitalario de Vigo os resultados foron analizados tanto cos profesionais asistenciais como nas reunións coa comisión de centro, con completa e absoluta transparencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38126
Data envío: 04/10/2018 09:10:06.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:10:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35759**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descensos continuos en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do decreto 37/2001, do 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatría, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade, admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fora da Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos de patoloxías.

No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a 30 de xuño de 2018, a espera media de cirurxía é de 32,1 días e a espera media de consultas externas é de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38125
Data envío: 04/10/2018 09:09:58.910

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:09:55



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35828**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas diante da problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e número de tarxetas adscritas ao centro”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto comezou a súa actividade o 20 de novembro de 2017, con normalidade e sen incidencias grazas á planificación previa con reforzos das áreas administrativas en ambos centros de saúde, tanto no Nóvoa Santos como no do Couto.

Informouse a poboación a través dos medios de comunicación da súa apertura e tamén enviáronse cartas persoais a cada un dos usuarios cuxo médico se trasladaba do Centro de Saúde Nóvoa Santos ao Centro de Saúde do Couto para que exercesen o seu dereito á libre elección de facultativo e centro de saúde, nos casos nos que non lle conviñese o cambio de centro.

Con data 11 de novembro de 2017 a poboación adscrita ao Centro de Saúde Nóvoa Santos con datos de tarxeta sanitaria era de 31.697 e a 12 de xaneiro de 2018 a poboación adscrita según tarxeta é de 24.246 TIS.

O cadro de persoal previo no CS Nóvoa Santos era de 20 médicos, 4 pediatras, 22 enfermeiras, 1 odontólogo, 1 hixienista, 1 farmacéutico, 2 traballadores sociais, 1 auxiliar, 3 matronas e 10 Psx e trala apertura do CS do Couto a dotación de médicos no CS Nóvoa Santos, no momento actual é de 15 médicos de familia, 3 pediatras, 16 enfermeiras, 8 psx e no resto das categorías profesionais mantense a mesma dotación.

No CS do Couto hai 5 médicos de familia, 5 enfermeiras, 1 pediatra, 1 enfermeira de pediatra, 2 administrativas en quenda de mañá e 1 administrativo en quenda de tarde. O número de tarxetas sanitarias a 12 de xaneiro de 2018 é de 7.414 TIS.

O número de pediatras do CS Nóvoa Santos previo a apertura do CS do Couto era de 4 e na actualidade é de 3. O número de pediatras do Centro de Saúde do Couto é de 1 pediatra”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38124
Data envío: 04/10/2018 09:09:51.581

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:09:48



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35928**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e don Luís Villares Naveira, sobre **“as razóns da non-inclusión, nos pregos de contratación dos helicópteros para a prestación do servizo de transporte sanitario aéreo, de condicións referidas á pericia dos pilotos e a seguridade do servizo, a garantía do mesmo nivel de seguridade nos voos do 061 que nas anteriores concesións, así como da igualdade de trato á empresa excluída”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 14.09.2018 polo xerente do Sergas- ao darlle resposta á pregunta 34700 sobre similar tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38123
Data envío: 04/10/2018 09:09:42.847

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:09:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36082**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda sobre, **“o investimento total levado a cabo pola Xunta de Galicia, incluídos os custos de mantemento, no auditorio de Lugo, así como os prazos previstos para a súa transferencia ao Concello e a súa apertura ao público”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 4ª do pasado 27 de setembro de 2018 pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao darlle resposta á pregunta oral 36083.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre o investimento realizado pola Xunta de Galicia no Auditorio de Lugo e as previsións para o seu equipamento.

O enlace ao vídeo da Comisión 4ª celebrada o pasado 27 de setembro de 2018 pode consultarse en: <http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-26?part=b88a0287-8cd0-4334-875d-b345acc32950&start=22> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38122
Data envío: 04/10/2018 09:09:32.550

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:09:17



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 38121

Data envío: 04/10/2018 09:09:02.565

Data 04/10/2018 09:08

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36147**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, **“as medidas a adoptar polo Goberno galego en relación á proliferación de microcistina no encoro do Umia en Caldas de Reis e o seu posible desmantelamento”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 26 de setembro de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ao darlle resposta á interpelación 36141.

Na súa intervención, a conselleira respondeu ás cuestións plantexadas sobre a situación do embalse de A Baxe, a presenza de cianobacterias e as medidas tomadas pola Xunta”.

Esta intervención pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-26?part=b88a0287-8cd0-4334-875d-b345acc32950&start=22> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 38121
Data envío: 04/10/2018 09:09:02.565

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2018 9:08:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37926

Data envío: 02/10/2018 15:13:22.799

Data 02/10/2018 15:13

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36503**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre “**os datos referidos ao desenvolvemento, nos anos 2015, 2016 e 2017, así como no primeiro semestre de 2018, do punto 7.5 da liña estratéxica 7 do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, referido á garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no Camiño**”, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non é posible achegar dita información xa que os sistemas de información do Servizo Galego de Saúde non rexistran se a persoa atendida é peregrino. Ao non dispoñer deste código específico non é posible facilitar o número de atencións realizadas neses anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 37926
Data envío: 02/10/2018 15:13:22.799

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2018 15:13:20



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37058**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día comprometido no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, e, se é o caso, a data da súa entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia contamos dende o ano 2005 co Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio (PROGALIAM). O seu obxectivo é mellorar a expectativa e calidade de vida do paciente con infarto, así como promover a equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario.

Durante todos estes anos o programa foise consolidando e está recoñecido como un dos mellores en España e en Europa.

Contamos cun rexistro e cunha Comisión encargada de manter o rexistro actualizado, realizar o seguimento da actividade e a elaboración dos informes periódicos.

Os datos do Regaliam son aportados e rexistrados directamente polos propios servizos de cardioloxía dos hospitais e polo 061. A Comisión avalía os datos do Rexistro de forma obxectiva e baixo criterios estritamente técnicos, sendo os seus informes consensuados e asinados por todos os seus membros.

A mortalidade global, a 30 días, unha vez excluídos os pacientes con parada cardiorespiratoria ou shock foi considerado polos membros da Comisión, en liña coa Sociedade Española de Cardiología, como o dato máis importante á hora de avaliar o

funcionamento dun programa de atención ao infarto, establecendo un estándar de mortalidade menor do 5%.

O último informe da Comisión de Control e Seguimento de Regaliam, reunida o pasado 6 de xuño de 2018, informa que da análise dos datos relativos aos primeiros 30 meses do rexistro, pódese concluír que a data de 31 de decembro de 2017 rexistráronse un total de 2.724 casos, o que representa un total de 40,23 casos por 100.000 habitantes.

Foron sometidos a reperusión un total de 2.608 (o 95,7%) nos que se inclúe a fibrinolise, que se realizou en 109 pacientes (4,1%) e a angioplastia primaria, en 2.499 pacientes (91,7%).

A mortalidade global por todas as causas neste período, tras 30 días de seguimento foi do 9,0% (235 pacientes), que se reduce ao 3,5% (79 pacientes) se se exclúen os casos de pacientes con parada cardiorrespiratoria ou shock.

Estes valores, por debaixo do 5%, encóntranse dentro dos estándares e calidade establecidos pola Sociedade Española de Cardiología e cúmprense en todas as Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Desde a creación do Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio, a Consellería de Sanidade estivo atenta a analizar os datos observados e establecer os procesos de mellora asistencial que se deriven destes. Para isto foi indispensable a colaboración de todos os membros do REGALIAM que analizaron estes dous anos os datos rexistrados.

Unha vez completados dous anos de rexistro é o momento de establecer as accións de mellora dun programa asistencial que ten uns datos de mortalidade a 30 días para aquelas persoas ás que se lles realizara a angioplastia, e unha vez excluídos os casos de parada cardiorrespiratoria e shock, moi por debaixo da media establecida pola Sociedade Española de Cardiología (SEC) do 5%, situándose nun 3,5% para toda Galicia.

Este dato é fundamental unha vez que se utiliza para explicar se o funcionamento da rede de atención ao IAM é o adecuado. No caso de Galicia este indicador garante a calidade da



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 38041
Data envío: 03/10/2018 13:28:13.518

galicia

actuación do sistema sanitario dende o inicio dos síntomas até o ingreso na sala de hemodinámica para a realización do cateterismo coronario.

Así mesmo, produciuse unha redución significativa do tempo de isquemia dende o último informe na área de Lugo, pasando dunha medida dos 155 minutos aos 136 minutos, o que significa unha redución media de 19 minutos.

Podemos afirmar que as iniciativas, as adecuacións de recursos, e o modelo asistencial actual promovidos pola Consellería de Sanidade están dando os resultados esperados. Desra forma nos achegamos aos tempos inferiores a 120 minutos recomendados pola Sociedade Española de Cardiología.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: bbe51ac7-1a82-6de7-5c33-e1bae869e883

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:28
Nº Rexistro: 38041
Data envío: 03/10/2018 13:28:13.518

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2018 13:27:53

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727